

**Documento Nacional de Identidade:**  
**Requisitos xerais para a súa expedición**

**Primeira expedición:**

A) Para os nados con posterioridade ao ano 1982:

1. Partida de Nacemento especial para DNI
2. Acudir acompañado da nai, pai ou titor co seu DNI en vigor
3. Dúas fotografías para DNI
4. Taxas: 6,70 euros

b) Para os nados antes do ano 1982:

1. Partida de nacemento especial para DNI
2. Certificado de Empadramento ou Certificado Consular se a residencia é o estranxeiro.
3. Catro fotografías para DNI
4. Taxas: 6,70 euros

(Neste caso a expedición non é inmediata, posto que previamente hai que verificar que o interesado non estivo antes en posesión doutro DNI)

**Renovación:**

a) Se non hai cambio de datos con respecto ao anterior documento (que caducara dentro dos cinco anos anteriores):

1. DNI caducado
2. Dúas fotografías para DNI
3. Taxas: 6,70 euros

b) Se hai algún cambio, o interesado terá que presentar, ademais do especificado no apartado anterior, o seguinte:

1. Se cambiou de domicilio ou o DNI caducou hai máis de 5 anos: Certificado de Empadramento.
2. Se cambiou calquera outro dato de filiación: Certificado Literal de Nacemento.

(Se algún destes cambios se efectúa antes de que o documento caducase o cidadán non abonará ningunha taxa)

**Subtracción, extravío ou deterioro:**

Necesítanse tres fotografías:

1. Se o DNI era do sistema novo, o equipo móbil está preparado para obter os datos que identifican ao cidadán e pódese expedir directamente o documento.
2. Se o DNI era do sistema antigo, os funcionarios non poden comprobar a identidade do cidadán, polo que este deberá cumprimentar un impreso que se lle facilitará no momento e non se expedirá o documento ata a volta do equipo móbil á localidade.

**Taxas:**

1. Extravío ou deterioro: 12,10 euros
2. Subtracción do documento caducado: 6,19 euros
3. Subtracción do documento en vigor: gratuíto